

BASES

- 1.- Poderán participar todas aquellas persoas que o desexen.
- 2.- O evento terá lugar o sábado 20 de outubro de 2018.

3.- INSCRICIÓN E SELADO: A inscrición e selado das teas ou outro tipo de soportes elixidos polos artistas terá lugar o mesmo día, entre as 9:00 h. e as 11:00 h., na Aula de Natureza "Juan Lembeye" do Xardín Botánico do Burgo.

4.- TEMÁTICA: O tema obrigado do Memorial será "O concello de Culleredo e o seu patrimonio natural e monumental". As obras deberán ser pintadas en directo, "in situ".

5.- CATEGORÍAS: habérá catro categorías: Adultos (de 18 anos en adiante), Xuvenil (de 12 a 17 anos) e dúas de Infantil (de 6 a 8 anos, e de 9 a 11 anos).

6.- TAMAÑO E TÉCNICA: O tamaño das obras será de 50 cm. como mínimo e un máximo de 120 cm. en calquera dos seus lados. Nas categorías infantil e xuvenil as medidas serán elixidas polos propios participantes. O soporte poderá ser branco ou en cor base sen texturas e as obras poderanse realizar en calquera técnica: óleo, acrílico, acuarela, etc. Os participantes virán provistos de todo o material necesario para a execución da obra. Na categoría de adultos, incluirán o cabalete para expoñer a pintura realizada. Admitirase unha soa obra por concursante e irá sen asinar.

7.- RECEPCIÓN DAS OBRAS: Entregaranse na Aula de Natureza "Juan Lembeye", o mesmo día do evento, en horario de 15:00 a 16:30 h., no que se dará por finalizado o tempo de realización e presentación das obras.

8.- PREMIOS:

CATEGORÍA ADULTOS (18 ANOS EN ADIANTE)

| | |
|----------------|---------|
| 1º Premio..... | 2.000 € |
| 2º Premio..... | 1.500 € |
| 3º Premio..... | 1.000 € |

PREMIO CATEGORÍA XUVENIL (12 A 17 ANOS)

| | |
|-----------------|----------|
| 1º Premio | Material |
| 2º Premio..... | Material |
| 3º Premio..... | Material |

PREMIOS CATEGORÍA INFANTIL:

De 6 a 8 anos: 1^a, 2^a e 3^a Material.

De 9 a 11 anos: 1^a, 2^a e 3^a Material.

PROCEDEMENTO DE PAGO DO 1º, 2º e 3º premio da categoría ADULTOS:

Os premios están suxeitos á lexislación fiscal aplicable, realizándose o seu pagamento mediante transferencia bancaria. Para o pagamento do premio os autores galardoados deberán presentar certificación da conta bancaria e copia do DNI así como o modelo de declaración responsable conforme se cumpren todos os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario dunha subvención pública. Ademais, antes de proceder ao pago, comprobarase se o beneficiario está ao corrente no cumprimento das súas obligacións tributarias coa entidade local (Artículo 189.2 TRLRHL). De non ser así o premio quedará deserto. O premios están consignados á partida 334, encontrándose retido o crédito necesario. Os restantes premios entregaranse o mesmo día da celebración do Memorial, aos autores das obras premiadas.

9.- O XURADO, que se dará a coñecer o mesmo día na lectura do seu fallo, estará integrado polas seguintes persoas:

Presidente: Concelleira de Cultura, Educación e Participación Cidadá de Culleredo.

Secretario/a: Traballador/a do Concello de Culleredo.

Vogais: Catro persoas de recoñecido prestixio dentro do mundo da arte.

A súa decisión será inapelable e basearase na análise da calidade e do valor artístico das obras presentadas a concurso, así como que as obras se adapten ao tema obrigado do Memorial. O xurado poderá declarar deserto algún dos premios se as obras presentadas non reúnen a calidade suficiente.

10.- DECISIÓN DO XURADO: Os membros do xurado emitirán a súa decisión, que será inapelable, o mesmo día da celebración do Memorial, ás 19:00 horas, na Aula de Natureza "Juan Lembeye". A continuación terá lugar a entrega de premios.

11.- PROPIEDADE DAS OBRAS: A obras galardonadas co 1º, 2º e 3º premio da categoría de Adultos quedarán en propiedade do Concello de Culleredo, así como todos os dereitos de reproducción e publicación. As obras premiadas deberán ser asinadas polos artistas unha vez coñecida a decisión do xurado. As obras premiadas nas categorías infantil e juvenil devolveranse aos seus autores. Para a retirada da obra será necesaria a presentación do DNI ou documento que acredeite a identidade do autor. A participación no Concurso implica a acepción de todas as bases.